



Cerne

Terra de Melide



ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M). Nº11. 1 de decembro de 2005 - 1 de xaneiro de 2006.

Distribución gratuíta.

Tamén en Internet: www.asetem.com

Compromiso da Consellería de Industria coa mellora do polígono da Madanela

A ampliación pendente do polígono industrial de Melide e as deficiencias da electricidade, auga e recollida do lixo motivaron varias iniciativas. O delegado provincial de Industria comprometeuse a resolver os problemas do

polígono nunha reunión que mantivo cos empresarios. Por outra banda, a consellería de Vivenda dará vía libre á primeira fase da ampliación, mentres que a segunda depende do PORN da Serra do Careón .

Pax. 5

A minicentral de Belmil, en Santiso, non será construída

Os sete proxectos de aproveitamento hidroeléctrico previstos por Fenosa e polo anterior goberno no alto Ulla, quedaron paralizados por orde da Consellería de Medio Ambiente. Entre eles está a minicentral de Seixo-Belmil, no concello de Santiso. A valoración dos colectivos contrarios á construción deste encoro é moi positiva.

Pax. 11

O xerente do CCA promovido polo concello, acusado de irregularidades

A inauguración dun Centro Comercial aberto promovido oficialmente por Aceim e extraoficialmente polo Concello de Melide non tivo apenas público. Ademais, a asociación Compostela Monumental sopesa a posibilidade de denunciar ao futuro xerente desta área, quen foi obrigado a dimitir da asociación dos comerciantes do casco vello de Santiago.

Pax. 14

Os pubs, acusados pola Federación de discotecas

Continúa a polémica sobre os horarios de peche dos locais nocturnos. Esta vez, a Federación Galega de Discotecas e Salas de festa presentou un escrito demandando o precintado dos locais que incumplan as normas.

Pax. 6

Medio Rural paraliza tres obras en Melide

A decisión da Consellería de Medio Rural de revisar as adxudicacións de obras feitas polo goberno de Fraga afectou tamén ao Concello de Melide, onde o PP aproveitou para convocar un pleno no que se reprobou a decisión do departamento de Alfredo Suárez Canal

Pax. 7



Base do cruceiro dos Ánxeles, con motivos referentes á pasión de Cristo

Os cruceiros da Terra de Melide

Cerne elaborou unha reportaxe sobre un dos elementos máis representativos da arte popular galega:

os cruceiros. Cómpre saber que a vila de Melide conta coa cruz de pedra máis antiga de toda

Galicia: a de San Pedro, así como con outros monumentos cheos de historia nas súas parroquias.

Pax. 8-9

Ronda da Coruña,20
Telf.:981-50.60.97
Melide
C/.Lugo,28
Telf. 981-50.80.26
Arzúa



Abal

luzmariaabal@auna.com
-Revisamos la vista y
el oído
-Medimos la tensión ocular

Editorial

Mesmos plans, idénticas estratexias

O día 13 de outubro, a entidade editora deste xornal, decidía integrarse na rede galega de Centros Comerciais Abertos (CCAs), organizada e apoiada pola Federación Gallega de Comercio. O obxectivo é aumentar a calidade do comercio promovendo actividades como programas de animación na rúa, incentiación de actividades innovadoras. En definitiva, trátase de incorporar a Melide ideas exitosas que existen noutras cidades e vilas.

Pero esta iniciativa, como é habitual, non só non recibiu apoio por parte do Concello de Melide, senón que se atopou como desde o organismo municipal se promocionaba outro CCA, a partir da asociación Aceim. De novo, en lugar de dialogar cos representantes dos empresarios, a pesar do ofrecemento feito no seu día, os actuais gobernantes usan as institucións públicas para fomentar o enfrontamento entre os cidadáns de Melide, cun criterio partidista polo cal aqueles que non comungan coa política do goberno municipal do PP son non

só discriminados senón tamén boicoteados activamente. Esta é a mesma estratexia que se empregou para promover unha asociación empresarial ideoloxicamente afín, en lugar de recoñecer a Asetem, entidade que agrupa 140 empresas de Melide e a súa comarca, como a asociación representativa dos comerciantes e industriais de Melide.

Pero, se ben pode entenderse que haxa dúas asociacións empresariais nun mesmo Concello por cuestións políticas, o que xa parece absurdo é que haxa dous centros comerciais abertos nunha vila de 8.000 habitantes. É perfectamente legal, pero carece de lóxica. Que ocorrerá nun futuro? Van competir dous CCAs polos clientes, por ver quen fai mellores promocións? Hai realmente un mercado en Melide que poida soste esta situación?

Pero a cousa non queda aí, porque o encargado da xestión do CCA "municipal" resulta ter un historial que o fai, cando menos desaconsellable para o cargo. Esta persoa, o señor Javier Freire, vese obrigado a saír da presiden-

cia da asociación Compostela Monumental pola demanda dos seus asociados, deixando unha débeda de 456.000 euros (76 millóns das antigas pesetas), que inclúe facturas desorbitadas de móbiles, pagos a provedores por riba dos prezos de mercado, viaxes a Cuba e un longo etcétera. Nesta redacción temos constancia documental desas facturas, polo que non se trata de falsas acusacións. Pensamos que os empresarios que se asocien ao "Centro Comercial do Mundo Rural" deberían cando menos reflexionar sobre con quen se están a xogar os cartos. E pensamos que o Concello debería deixar de intentar minar a esta asociación e dedicarse a resolver os problemas dos cidadáns de Melide.

No tocante á Cámara de Comercio de Compostela, parece claro que tomou unha actitude errada e partidista, subvencionando un proxecto no que está implicado uns dos vocais e ignorando a unha asociación que representa a 140 empresas e que sempre actuou coa máxima honestidade.

Tribuna de opinión

Libro de familia ou o Far West?

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

Entre outras moitas cousas, Melide é o lugar onde se roda Libro de Familia, serie ambientada nos tempos do franquismo, no lugar imaxinado de Santalla. Alí, o cacique de turno impón a súa lei sen que os veciños se lle opoñan demasiado. Ata hai pouco, algúns confundían a realidade co plató e actuaban como se estivesemos na Galicia rural dos anos 60.

Pero as cousas están empezando a cambiar nesta vila. A xente esá abrindo os ollos e queda pouco para que a venda caia de todo. Xa recibiron un aviso nos últimas eleccións municipais, que demostraron que a realidade non é inmutable.

Como saberedes, desde a directiva desta asociación levamos case 4 anos de traballo nos que fomos boicoteados por activa e por pasiva por actuar conforme ás nosas conviccións. Pero consideramos que serviron para algo, xa que os representantes dos vellos tempos (aínda que moitos sexan mozos segundo os seus carnés de identidade) contan cada

vez con menos apoios dos cidadáns en xeral e dos empresarios en particular, sector que representa esta asociación.

Pero agora parece que queren trocar o decorado bucólico de Libro de Familia polo de Centauros do deserto, Por un puñado de dólares ou algunha outra película do Oeste. Unha especie de cazarrecompensas veñen a facer o traballo suxo e a impoñer a súa lei.

Ata onde imos a chegar? Señores, non estamos nun "western". Non é de recibo que se traia a xente cun curriculum cheo de irregularidades como garantes dun proxecto que non é máis que fume.

Falo do denominado "centro comercial do mundo rural", que promove unha asociación empresarial pantasma. Esta organización estivo facendo unha campaña de promoción na radio municipal -que pagamos todos- e noutros medios, pero os asistentes á inauguración non pasaron de 120 contando cargos públicos e achegados. Santalla só existe na TVG.

Cerne Terra de Melide

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta. 2.000 exemplares.

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Denís Fernández Méndez

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (A.S.E.T.E.M)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 Correo electrónico: info@asetem.com

COLABORACIÓNS:

AGRADECEMENTOS: Jorge Sangiao, M^a Pilar López,

Ledicia Trillo, Susana Seijas

IMPRESIÓN: Artes Gráficas La Capital

Cerne Terra de Melide non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores



Gallego e hijos, s.l.

Central: L.G. Laberco, s/n
15810 Arzúa (A Coruña)
Tfno: 981 50 04 29
Fax: 981 50 06 74

-Arzúa
-Melide
-Curtis
-Teixeiro
-Boimorto
-Guitiriz

Qué pasa co PORN da serra do Careón?

GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE MELIDE

O BNG de Melide leva tempo preguntando polo importante atraso nos traballos de elaboración do Plan de Ordenación dos Recursos Naturais da Serra de Careón (PORN). É unha cuestión moi importante porque do PORN depende o agardado cambio de trazado da autovía Santiago-Lugo. Temos que lembrar que en decembro de 2004, estivo no noso concello o ex-conselleiro de Medio Ambiente, Xosé Manuel Barreiro, afirmando que os

traballos do PORN da Serra do Careón estarían rematados no mes de febreiro do 2005, pero, a día de hoxe, nada sabemos de dito traballo.

Xa no mes de xullo deste ano, o BNG presentou un escrito á alcaldía queixándose do atraso e falta de información ao respecto ao cal respondeu a alcaldesa dicindo que "cando os traballos rematen será convocada unha Xunta de Voceiros Municipal para dar conta a todos o grupos municipais".

Pasados xa nove meses sen noticias sobre o PORN, o BNG decidiu levar este tema ao Parlamento para que responda a actual Consellería de Medio Ambiente. Así, mantivemos unha entrevista co deputado do BNG, Fernando Blanco, para conseguir algunha información ao respecto. Melide non pode quedar esquecido nin excluído do trazado da autovía Santiago-Lugo e con ese obxectivo debemos seguir traballando todos xuntos

Espazo reservado para o Partido Popular

Este espazo de opinión de política está reservado, coma nos anteriores números de Cerne, para o Partido Popular de Melide. Pero nesta ocasión, ao igual que nos números 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10, declinou a nosa invitación a participar.

Os responsables da edición deste xornal lamentamos o choque estético que poida provocar este espazo e agardamos poder incluír pronto a voz do partido maioritario na vila para que expoña a súa opinión sobre os temas de actualidade que se suceden no municipio.

Ata entón, pedimos disculpas aos lectores de Cerne por este imprevisto.

Cerne. Terra de Melide.

Intransixencia ante o cambio

CONCHA CASARES. PSOE DE MELIDE

Tivemos ocasión de ver unha vez mais, o retorcemento da realidade das cousas por parte do Partido Popular, que desvirtúa con falacias o que para todos é unha cuestión de sentido común. Estoume a referir á toma en consideración por parte do Congreso do proxecto de estatuto de Cataluña. Tivemos a ocasión de percibir o illamento no que se atopa este partido, mantendo unha posición inmovilista baixo principios como "reforma constitucional encuberta",

"balcanización do estado español", "desvirtuación do termo nación"... Só se trata dunha modificación dun estatuto, que ven apoiada polo 90% do parlamento catalán, sen que iso implique nin reforma constitucional, nin a necesidade dun disparatado recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional, que está ao servizo dos cidadáns para cando se lles vulneran dereitos fundamentais, pero non cando un parlamento autonómico decide remitirle ao

Congreso un proxecto que seguiu todos os procedementos legais establecidos, sen que iso supoña que ese proxecto non poida ser corrixido no Congreso.

Pregúntome que pasará cando en Galiza nos poñamos pola labor de reformar o noso estatuto. Aquí, pola formación actual do parlamento galego, a polémica está servida. Non se lograría un consenso similar ao catalán, xa que o PP está na posición de "non nos moverán"

Cartas

Sr presidente de Asetem:

Diríxome a vostede en nome de moitos melidenses para manifestarlle a admiración pola labor que están realizando, a pesar dos atrancos que sofren das autoridades que nos representan, as cales seguen ancoradas no pasado.

Gustaríanos que moitos veciños de Melide e da súa comarca recibiran o xornal que a vosa entidade saca mensualmente, polo que suxerimos que ofrezan a posibilidade de suscribirse por un importe que cubra os gastos do xornal e o seu envío. Tamén suxerimos facer unha revista que saíra xunto co periódico do mes de agosto, antes das festas de San

Roque. A revista resumiría o máis importante que pasou durante o ano anterior, para que os nosos amigos, veciños e cantos nos visitan poidan informarse con claridade e transparencia do que pasa nesta querida terra.

Coa suscripción queremos potenciar este medio e ao tempo impedir que fachas de camisa azul tiren os xornais ao contedor do lixo. Quen tiña que ir parar ao contedor era o resentido franquista; así os periódicos chegarían aos fogares da boa xente que quere estar informada porque viven nunha democracia onde hai liberdade e respecto.

Lois Praderas.

FISCONTA
ASESORÍA

Asesoría de Empresas
JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ
CORREDOR DE SEGUROS
Autorización N^o: GF-035

Ronda de A Coruña, 32 - 1^a
15800 MELIDE (A Coruña)
www.asesoriafisconta.com - empresas@asesoriafisconta.com

Tel./fax: 981 50 76 23
Tel./fax: 981 50 63 86

HC
Hotel Carlos '96

RESTAURANTE
CAFÉ - BAR
BODAS / BANQUETES
COMIDAS DE EMPRESAS

Tfno.: 981 50 76 33
Fax: 981 81 53 12
Avda. de Lugo, 119
15800 MELIDE (A Coruña)
e-mail: hc96@wanadoo.es

Rectificación

No número anterior de Cerne publicouse por erro que Luís López Oro se dirixiu de forma inxuriosa a David Barrio, delegado da Unión Xeral de Traballadores en Melide. O propio David Barrio aclara que os insultos se dirixiron contra o administrativo que colleu o teléfono.

**Anúnciese no
Cerne
9814506188**

Os troiteiros piden o arranxo da ponte Mazaira

O deputado do BNG Fernando Blanco Parga visitou Melide para interesarse pola cuestión



Fernando Blanco (no centro), olla o estado da ponte

Redacción
Melide

A asociación de Troiteiros "Río Furelos" presentou o pasado mes de agosto un escrito un escrito nos rexistros municipais dos Concellos de Melide e Toques no que reclamaban "unha solución, no menor tempo posible, aos problemas de accesibilidade e tránsito sobre a ponte Mazaira". Tamén se dirixiron á Consellería de Medio Ambiente, sen recibir aínda resposta.

A Ponte Mazaira, situada entre os lugares d'A Pena (Toques) e Zaramil (Melide), colle o seu nome da familia Mazaira, xa que foron os que a reconstruíron no ano 1955. A ponte,

con usos de servidume para agricultores, paseantes e troiteiros, leva inutilizada polas enchentas e un incendio desde 1997. Xavier Pazo, presidente de "Río Furelos" -asociación que inclúe a defensa do medio nos seus estatutos- considera que o feito de que non se reconstrúa esta infraestrutura débese á falta de vontade dos concellos, afirmando que non debería ser difícil obter financiamento externo para a obra.

O deputado nacionalista Fernando Blanco visitou os restos da ponte o día 16 de novembro, comprometéndose a levar esta iniciativa ao Parlamento galego.

Pampín deixa 103.000 euros máis en facturas impagadas

O Valedor do Pobo avala as demandas de información do BNG

Redacción
Melide

O grupo municipal nacionalista comunicou aos medios a existencia dun total de 96 facturas sen pagar correspondentes aos anos 2002, 2003 e 2004, por valor de 103.000 euros -perto de 17 millóns de pesetas-.

Esta cantidade súmase á xa pagada de 858.900 euros, correspondentes tamén a facturas dos exercicios do 2002 e 2003, correspondentes tamén ao mandato de Miguel Pampín e recoñecidas en tres prazos pola actual alcaldesa. A portavoz do



Miguel Pampín con Ánxeles Vázquez

BNG, Socorro Cea, solicita á rexedora municipal que lle "faga chegar escrito ou documento no que apareza a relación de facturas que, a día de hoxe, xa foron pagadas. O BNG denunciou ante o Valedor

do Pobo a negativa da alcaldesa a proporcionar o informe de intervención con estas débedas ata o día 26 de decembro, recibindo o concello dúas demandas de información por parte desta institución.

O arranxo da rúa Boimorto queda para o 2006

Redacción
Melide

Unha moción do PSOE para o arranxo das rúas próximas ao pavillón foi aceptada polo goberno municipal, que se comprometeu a efectualo no 2006 con remanentes do orzamento. Os socialistas tamén presentaron outra moción para obrigar a reparar os canalóns de baixada de augas de varias rúas, que foi rexeitada, e tres rogos por escrito.



A rúa Boimorto, próxima ao pavillón, está en mal estado

Ahora en Melide

The Academy

Ofrecemos clases de Inglés, lengua, ciencias y técnicas de estudio.

**Visite nos en Avda. Toques e Friol 43
Teléfono - 981 50 74 61**

Muebles PAULA

**EL CENTRO DEL MUEBLE
EN EL CENTRO DE GALICIA**

Teléfono: 981 50 57 59
Ctra. a Lugo, a 2 Km. de Melide
15800 MELIDE (A Coruña)

O delegado de Industria visita a Madanela

A empresa Tineo, encargada de resolver os problemas, reuniuse con Asetem



Barcia (segundo pola esquerda) na sede de Asetem

Redacción
Melide

O delegado provincial de Industria visitou o polígono industrial de Melide e comprometeuse a solucionar os problemas eléctricos que padecen algunhas empresas, e a enviar un técnico da Consellería. Os empresarios levan tempo denunciando a situación do polígono, onde hai 12 parcelas sen ocupar, e, segundo afirman, potencia de luz insuficiente, escasez de auga, falta de sistemas de depuración e de liña telefónica. A portavoz do BNG, Socorro Cea, interpelou á alcaldesa sobre esta cuestión no pleno do 28 de outubro.

Segundo Ánxeles Vázquez, os problemas de servizos estarían solucionados e das 12 parcelas que faltan por utilizar, hai 6 que van ser ocupadas nun prazo breve. A empresa Tineo, encargada de estudar a situación do polígono, reuniuse con representantes de Asetem que lles manifestaron as súas inxerencias a respecto do polígono. A asociación coincidiu co BNG en resaltar moitas das deficiencias, e expresou a súa preocupación por ser o polígono de Melide menos competitivo que os de concellos próximos como O Pino, Agolada ou Palas.

O Concello solicita financiamento para ampliar o polígono

Vivenda considera factible unha partida para 40 mil metros cadrados

Redacción
Melide

Na rolda de entrevistas que a conselleira de Vivenda e Solo, Teresa Táboas, mantén cos alcaldes galegos, a rexedora melidense, Ánxeles Vázquez, solicitou deste departamento unha partida económica para ampliar o solo industrial do polígono de A Madanela.

Trátase dos corenta mil metros cadrados que faltan para completar a primeira fase do parque empresarial melidense, inaugurado en 1995 e sen parcelas dispoñibles para a venda directa dende un ano despois.

Aínda que Teresa Táboas non comprometeu oficialmente ningunha cantidade, si amosou boa disposición para financiar este proxecto dado que, segundo afirmou, “non haberá moito problema porque é pouca extensión de terreo”.

2ª fase á espera

Así mesmo, Táboas e



Todas as parcelas están vendidas dende 1996

Vázquez conversaron sobre o futuro da ampliación do polígono cara a Serra do Careón. A alcaldesa trasladoulle á conselleira a necesidade de acelerar a redacción definitiva do Plan de Ordenación de Recursos Naturais (PORN), co fin de que este liberalice o espazo necesario para executar a segunda fase da ampliación do parque empresarial melidense. As pretensións de Vázquez pasan por habilitar 300 mil metros cadrados máis para solo indus-

trial na Madanela. Táboas asegurou que non é un tema exclusivo da súa consellería, senón que require dos informes de Medio Ambiente pero que, en calquera caso, “Melide non pode quedar sen solo industrial, ben sexa alí, ou ben noutro lugar da vila”. A este respecto, Vázquez insistiu na conveniencia de executar a ampliación na Madanela, dado que o traslado a outro lugar conlevaría gastos elevados na dotación de servizos (auga, luz, saneamento).

“Autovía por Melide” retoma as súas actividades

A directiva da plataforma reuniuse con representantes da Consellería de Política Territorial e do PSdeG-PSOE

Redacción
Melide

Unha reunión con Abel Losada, responsable de infraestruturas do PSdeG-PSOE e outra co delegado provincial de Política Territorial son o resultado da reactivación da Plataforma “Autovía por Melide” integrada por Asetem, UXT, a asociación Terra de Melide e o PSOE de Toques. Os dous cargos comprometéronse a informarse en Madrid das demandas da plataforma. A maiores, solicitouse unha entrevista co conse-

lleiro de Medio Ambiente, Manuel Vázquez.

Da desafectación dunha parte da Serra do Careón como zona protexida depende a posibilidade de que a autovía poida pasar perto da vila, se aí que a consellería e o Ministerio de Medio Ambiente sexan a última instancia neste tema. A plataforma realizará charlas informativas polas parroquias e unha assemblea no mes de decembro, ao tempo que chama á unidade dos partidos e axentes sociais.



Os representantes de “Autovía por Melide”, con Abel Losada no Parlamento galego

Os pubs síntense vítimas dunha campaña de acoso

A Federación de Discotecas pedía sancións para 18 locais nocturnos



Pubs entre as rúas Galicia e Emilia Pardo Bazán

Redacción
Melide

“Unha manobra para chamar a atención e para que a Garda Civil e mais o Concello estean enriba dos horarios de peche”. Así valorou Nani, dono do pub Gatos o escrito presentado ante o concello no que a Federación Galega de Discotecas e Salas de Festa pedía sancións para os locais que incumplisen “os horarios, o Catálogo de actividades recreativas e o Regulamento Xeral de Policía”, esixindo se fose necesario o seu precintado ou peche. Pedíase tamén neste escrito o aumento da vixilancia policial, “salvo que Melide sea un Fuero aparte regido por la Anarquía” (sic).

Este documento, do que non consta que fose presentado como denuncia formal ante a Garda Civil ou a Xustiza, ía acompañado dun acta notarial na que se daba fe dos horarios de peche de todos os locais nocturnos da vila, agás a discoteca Zoe, impulsora da denuncia segundo todas as fontes consultadas. O texto contén numerosas incoherencias, posto que a pesar de indicarse na acta notarial que algúns pubs estaban pechados, estes locais tamén foron incluídos na

“lista negra” dos que supostamente incumplían os horarios.

A denuncia realizada ante a alcaldía incluía información acerca do incumprimento do Catálogo de Actividades Recreativas, posto que algúns dos locais demandados posúen licencias de café-concerto ou de tablo flamenco, sen teren as características indicadas por este catálogo. Porén, os locais dispoñen dunha moratoria de dous anos para actualizar as súas licencias ou ben adecuar os locais a estas características, segundo a última modificación que realizou a Xunta da orde reguladora. Tamén se informa de que algúns carecen de saídas de emerxencia ou de que estas “non están visibles”.

Concello

A alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, afirmou que se facía cumprir a lei na medida das posibilidades, lembrando que o concello contaba con 8 policía locais que fan rondas nocturnas en colaboración coa Garda Civil. Vázquez afirmou que “Eu non teño motivos para pechar ningún pub. Podo tomar medidas se hai queixas reiteradas, pero a noite na que se tomou a acta nota-

rial non hai ningunha denuncia presentada.” Tamén lembrou que todos os locais posúen licencia, fronte ao que ocorre noutros lugares.

Segundo fontes municipais, no que vai de ano só se presentaron por escrito dúas denuncias por rúidos, unha delas contra a mesma discoteca Zoe. A alcaldía considera que isto é “unha guerra dun señor contra o resto dos locais por uns intereses que descoñezo e onde non penso entrar”. A única medida que se tomou por parte do goberno municipal foi convocar aos afectados para poñelos en coñecemento dos feitos e abrir un expediente informativo.

Tranquilidade no sector

Por parte dos empresarios da “movida” de Melide, convocouse unha reunión de tipo informal pero en chegar a ningunha conclusión. En todo caso, Nani, do pub Gatos, acusa á Federación de Discotecas de preocuparse só polos seus membros e advirte que “non deberían tirar pedras contra o seu propio tellado; gustaríame saber onde están as saídas de emerxencia dalgúns locais desta federación”. Sobre esta cuestión, recorda que non se pode facer unha acusación xenérica posto que moitos locais non teñen o aforo necesario para estaren obrigados a ter unha segunda saída e en todo caso, o seu si que a ten.

Falando a título individual, di estar tranquilo “eu cumpo o horario, independentemente de que estea de acordo con el”. Respecto ás queixas do veciños polo ruído, opina que son unha minoría.

O xerente de Oromel, xulgado por faltas

Redacción
Melide

O xerente da empresa téxtil Oromel, Luís López Oro, tivo que presentarse a declarar o día 22 de novembro no xulgado de Arzúa; tendo a maiores unha nova citación para o día 13 de decembro. Foi denunciado por insultos a seis traballadoras da empresa e por intento de agresión á delegada de persoal, segundo informou o sindicato UXT.

A maiores, segue o seu curso o proceso aberto

contra catro concelleiros do Partido Popular por vulneración do dereito á folga. Os imputados recolleron o lixo persoalmente mentres os traballadores de Celta Prix facían un paro en Melide.

Convenio barca

UXT tamén informa de que neste momento se está a negociar o convenio dos traballadores da barca do encoro de Portodemouros. Piden 17.980 euros brutos anuais para o encargado e 15.780 para os patróns

Tres urbanizacións proxectadas para construír 457 vivendas



Zona urbanizada en dirección Santiso

Redacción
Melide

A paisaxe urbana de Melide pode sufrir modificacións importantes nun futuro próximo. Segundo publicou *La Voz de Galicia* está proxectada a urbanización de tres bolsas de solo edificable polas actuais normas de planeamento urbanístico, á falta da aprobación do novo PXOM. Os tres proxectos, promovidos polos propietarios dos terreos, contemplan un máximo de 457 vivendas, das cales noventa e catro xa están listas para edificar.

Estas situaríanse na urbanización xa executada na

marxe da estrada de Santiso e Agolada. Na mesma zona hai outro proxecto en fase de tramitación para urbanizar 125.000 metros cadrados e edificar 250 casas. O terceiro proxecto situaríase na Martagona, cun total de 113 vivendas.

Segundo o axente inmobiliario Julio Villamor, estas promocións cubrirían unha demanda de vivendas unifamiliares que actualmente non está sendo cubrida polo mercado inmobiliario local. Villamor tamén suxire que no novo PXOM aumente o solo destinado a vivendas unifamiliares.

O goberno municipal reproba a actuación da consellería de Medio Rural

A paralización de tres obras comprometidas para o concello motivou un duro debate entre PP e BNG

Denís Fernández Méndez
Melide

O debate da política autonómica saltou con forza ao Concello de Melide. A decisión da Consellería de Medio Rural de suspender 247 obras en zonas rurais afectou a tres proxectos comprometidos para Melide: arranxo de varios camiños, a ponte de Río Seco en Leboreiro e o saneamento da Garea. Os veciños desta parroquia arrouparon ao Partido Popular, que presentou unha moción na que cualificaba de “irresponsable, inxustificada, arbitraria e contraria aos intereses dos veciños” a decisión de paralizar estas obras.

A Soqui Cea, portavoz do BNG, tocoulle o difícil papel de defender a actuación do seu compañeiro de partido, Alfredo Suárez Canal. Fíxoo nun longo discurso, no que sinalou o “reparto inxusto dos fondos” do anterior conselleiro popular, que favoreceu



Socorro Cea e Ánxeles Vázquez protagonizaron o debate

os concellos gobernados por este partido, a imposibilidade de executar as obras en prazo e sobre todo o feito de que esta suspensión non era definitiva. Ánxeles Vázquez replicou con dureza, acusando á voceira nacionalista de falar como representante do conselleiro e non dos veciños de

Melide. Baseou a súa argumentación en que as obras eran “necesarias, estaban comprometidas, amparadas pola lei e foron pedidas polos veciños”.

Abstención do PSOE

Os socialistas foron críticos coa redacción do texto pero optaron por absterse na votación final, que reci-

biu o apoio do PP e o rexeitamento do Bloque.

O pleno tamén decidiu por unanimidade investir os cartos do Plan de Obras e Servizos (POS) e o Plan de Investimentos Locais (PIL) da Deputación -un total de 584.000 euros- na mellora do campo de fútbol do Cire, no que se instalará herba artificial.

O BNG critica a suba das taxas do lixo

Redacción
Melide

O goberno municipal subiu o recibo da recollida do lixo de 59 a 62 euros no casco urbano e de 45 a 47 nas parroquias. Esta suba provocou as críticas dos nacionalistas, especialmente os prezos do rural, xa que: “so teñen recollida dous ou tres días á semana e non contan con limpeza viaria nin varrendeiros como na vila”. O concello tamén estableceu novos prezos para o velorio municipal tamén quedaron en 150 euros por unha noite e 225 por dúas.

Melisanto recibirá axudas da Deputación

Redacción
Melide

A cooperativa Melisanto recibirá 15.500 euros da Deputación da Coruña para o seu proxecto de cultivo de produtos de horta. A institución provincial tamén subvencionará con 6.000 euros á SAT Fungocerca, da parroquia de Xubial, para a produción de cogumelos.

Reapertura do museo da Terra de Melide

Redacción
Melide

O día 30 de novembro abriu de novo as súas portas o museo da Terra de Melide, mellorado grazas a un acordo coa Deputación da Coruña. Xosé Manuel Broz, director do museo destacou a importancia do camiño francés para o Museo, xa que o 90% dos seus visitantes son peregrinos. Mentres, Socorro Cea, no seu cargo de deputada provincial, puxo esta obra como exemplo de gasto público con rigor.

O presidente da Deputación, Salvador



Xosé Manuel Broz, director do Museo, fixo de guía para os políticos

Moreda, resaltou a importancia dos museos nas vilas pequenas como elementos de conservación das tradicións e dos bens

culturais, tema no que tamén insistiu o vicepresidente, Xaime Bello. A Deputación ten asinado un convenio de 30.000 euros

para os gastos do museo no ano 2006.

Despois dos discursos, Broz conduciu aos asistentes polas instalacións.

Pregunta parlamentaria sobre o PORN

Redacción
Melide


O BNG realizou unha pregunta sobre o PORN da Serra do Careón no parlamento galego, segundo informan nun comunicado. Os nacionalistas responsabilizan ao anterior conselleiro de Medio Ambiente, Xosé M. Barreiro, da demora deste documento, necesario para o cambio de trazado da autovía Santiago-Lugo.

Nas parroquias de Toques, Santiso e Melide consérvanse os 52 cruceiros orixinarios destas terras en bo estado

Cruces de Pedra na Terra de Melide

A Bretaña está inzada deles e Galicia enteira non lle merece pallas, pero en Melide, cruce de camiños da Ruta Xacobeá, non poden faltar os monumentos máis dignos da arte popular galega: os cruceiros. Nas cruces de pedra, das que fala Castelao, fúndense os mitos, as supersticións e a relixión coa arte no seu estado puro. Ben en sinxelas apariencias como nas de Rairiz, San Xurxo, Moldes ou no Carme de Melide, ou ben nas técnicas máis traballadas como as de Visantoña, Novela, Baltar ou Melide.

Partes do cruceiro melidense



Debuxo do Cruceiro de Ordes realizado por Xosé Manuel Broz. Publicado no libro "A Terra de Melide".

Natalia Penas
Melide

Os cruceiros están considerados unha das manifestacións máis xenuínas da imaxinería popular galega. A súa orixe remóntase á prehistoria, logo de que se deixase constancia dos menhires baixo formas cristianizadas.

Os máis antigos datan do S. XIV, sendo Melide berce da cruz de pedra máis antiga da nosa comunidade: a Cruz de San Pedro. Pero ademais, segundo recolle o director do Museo Terra de Melide, Xosé Manuel Broz, no seu inventario de 1982, consérvanse 52 exemplares nas 53 parroquias de Toques, Melide e Santiso.

Devoción e ofrenda

A presenza dos cruceiros é normalmente de orixe devocional, aínda que non faltan tampouco os motivos rogativos, de louvanza ou de ofrenda como causas da súa construción. Xeralmente estaban financiados por algunha persoa que pretendía gañar a súa indulxencia ou a da súa parroquia; ofrecer a súa construción como voto para pedir a curación dunha enfermidade ou a protección diante dunha situación de perigo. Por iso era frecuente que se levantasen cruceiros naqueles lugares onde houbo feitos violentos para evitar que a alma errante das vítimas danase os camiñantes do lugar. As cruces de pedra de

Melide aparecen nos atrios das igrexas, entradas a cemiterios, e nas encrucilladas de camiños para a protección dos camiñantes e santificando espazos vencellados ás crenzas paganas. Son un elemento sagrado e, o lugar onde se emprazan, un lugar de oración, o que explica as prácticas e cos-

"Onde hai un cruceiro houbo sempre un pecado e cada cruceiro é unha creación de pedra que fixo baixar un perdón do Ceo, por arrepentimento de quen o paga ou polo sentimento de quen o fixo." (Castelao)

tumes diversas que a eles se vencellan, como ofrendas, peticións dalgunha graza ou como testemuña de agradecemento por algún favor recibido.

Cada parroquia ten o seu propio cruceiro ao que os veciños se senten moi unidos. Nas festas do Corpus e nas de honra aos santos de cada lugar, en toda a comarca saen as procesións dende a igrexa cara os cruceiros, mais nalgúns teñen o seu rito particular.

En Santa María de Ordes, polo San Pedro Mártir, a xente, acompañada polo repenique das campás, acude con ramos de oliva para bendicir, e nas rogativas de San Marcos bendícenase as terras e os froitos para ter mellor colleita.

No da Fonte Santa de Os Ánxeles existe o costume de coller a auga e escoitar a misa de Domingo diante do altar da Virxe, para logo botala nas leiras cando veñen os vermes e outras pragas. Xa que como a conta a lenda, no de San Cidre, en San Paio de Paradela, houbo algún ano no que non se fixo a

procesión para levar o Santo á súa ermida e ao cruceiro e, nese ano, houbo malas colleitas e pouca sorte cos animais.

Mestría de canteiros

O máxico e o divino mestúrase na orixe e na historia nos emblemáticos monumentos melidenses que, se ben todos son parecidos, non é posible ato-

seus elementos. Pero os de Baltar, Ordes e Novela son os de maior envergadura artística.

Se ben o cruceiro é representativo de toda Galicia, os das terras melidenses defínense pola súa iconografía. Os símbolos da paixón de Cristo, a cruz, o coro, a escada, o isopo..., son elementos esculpidos en case todos os os pedestais -só aparecen nesta parte do cruceiro- das cruces da comarca.

Ademais, a imaxe do Cristo é o selo melidense. Todos están labrados pegados á cruz e, nalgúns, este Cristo aparece acompañado pola figura da Virxe, que sempre é a Inmaculada. A imaxe da nai foise perdendo nos cruceiros segundo trascorreron as épocas.



Cruceiro da Fonte Santa dos Ánxeles

Estrela de pedra de Melide

Melide conta coa súa estrela de pedra particular. A comarca non só conserva en bo estado, sempre mellorable, os seus 52 cruceiros, senón que ademais, o inventario galego de cruceiros de Galicia comeza a escribirse na igrexa de San Roque.

O cruceiro de San Pedro, ou mellor dito, a Cruz de Melide, data do S.XIV, sendo a Cruz de Pedra da Galiza máis antiga que se conserva.

Contan os vellos que, cando o cruceiro estaba no campo de San Roque, tiña unhas gradas ao revés, xa que o campo quedaba máis baixo que a estrada. Estaba rodeado por grandes árbores, olmos e carballos, que nalgún caso serviron para facer o palco das festas nas súas gallas. Nos contos dos vellos mesmo se dí que un dos gaiteiros tiña vértigo, así que tiveron que lle vender os ollos para que subise ao palco a tocar.

Preto da grande pedra, tamén había un palco de música con balconada de ferro, ao que ía cada día, entre lusco e fusco, o "Santón", un home do lugar que acudía a rezar axeonllado ao pé do cruceiro. Esta era a estampa daquel Melide que os vellos de hoxe lembran antes da modernización.

Cortáronse as árbores e a Cruz de Melide mudouse de atrio. Levouse ao centro da vila, no comezo da estrada de Lugo, e os grandes olmos e carballos trocáronse por verdes xardíns sen polas. Pero o paso do tempo non perdoo, tampouco aos cruceiros e, por iso, o director do Museo de Melide recomenda que para que o gran Cruceiro de Melide se manteña, débese resgardar no seu berce orixinal, no futuro museo da igrexa de San Pedro. Só así se conservará co valor artístico que merece a Cruz de pedra galega máis antiga.

O cruceiro de Melide
*Pola Terra de Melide
andan espallados os Cruceiros
polos atrios, nas encrucilladas
e nos camiños,
bicados polo sol e polo vento.*

*O sangue da Terra agroma nos
Cruceiros.
O espírito da terra erguese nos
Cruceiros.*

*Decir Cruceiro é lembrar a
Melide,
onde por séculos se conta
o decorrer do Tempo.*

*Ou! Cruceiro de Melide,
perante os séculos ergueito na
gándara
ollando ós peregríns e a nosa
Historia
indo a pé a Santiago.*

*Ti viche-los Castros, ós Ulloa,
ós Moscos e ós Altamira, aqueles
señores feudais
cabalear por esta Terra.*

*Viche-las loitas irmandiñas no
Castelo
e coñeciches aquel bo Arcebispo
Don Mateo Segade Bugueiro
e o seu anxeio na obra pía.*

*Viches erguer pedra a pedra o
Mosteiro Franciscán
e tamén ollache esmorecer a igre-
xa,
aquela do Noso Patrón San Pedro.*

*Ti pousache pro dibuxo de caste-
lao e alentaches a Alvarez
Carballido
e a Antón Taboada Roca,*



Imaxe da Cruz de Melide, o cruceiro galego máis antigo

*Otero Pedrayo, Cuevillas e Risco
e outros mestres máis da Terra
que escribiron a nosa Historia.
Conocoche-lo Melide das panadei-
ras
e de aqueles tantos zapateiros
indo polas albas cara as feiras,
e sabes de tantas xentes que
morreron
loitando a túa beira.
Ti eres testigo de excepción
dende hai séculos,*

*i eres arbre, fito e data,
eternos ollos de pedra.*

*Esperanza ergueita
no chan de Devanceiros,
como un símbolo do pobo, nunha
Terra do Pais Galego.
Onde afincamos a nosa identidade
e decimos que somos Nós..."*

Xosé Manuel Broz



Cruceiro do Leboreiro, sen a súa base orixinal

Cruceiros ultraxados: O Leboreiro

O cemento, o asfalto e as grandes estradas son mostra dos novos tempos, mais tamén da pouca importancia que se lle dá ás pedras como meros elementos decorativos.

Os cruceiros "naceron" nun lugar determinado para cumprir unha función concreta. Por desgraza, Melide é mostra da mutilación que están a sufrir. O de San Xoán de Visantoña moveuse de sitio cando se fixo a estrada alá polos anos 60, mais cando se colocou no cruce de camiños, o Cristo deixouse ao revés, de costas á igrexa, en contra da tradición. E igual sorte correron o de Santa María de Melide e o de Santa María do Campo.

Aínda así, pese a estar movidos do seu berce, nestes cruceiros aínda se pode admirar o seu valor arquitectónico, mais non o etnográfico.

Pero o de O Leboreiro mesmo perdeu o seu valor artístico-cultural. Situado á beira do Camiño de Santiago, está "totalmente deformado", segundo afirma Xosé Manuel Broz. Cando se repasou o trazo da Ruta Xacobeá tamén se restaurou a cruz de pedra, pero esquecéronse da súa orixe histórica e "inventáronse unha base octogonal que non existe na tipoloxía dos cruceiros de aquí", dí Broz. Á vez que se desprezou a súa base orixinal, que está

esquecida e abandonada a uns poucos metros do cruceiro, cos atributos propios da terra melidense.

Broz asegura que "é urxente reparar este cruceiro que está totalmente ultraxado".

Os cruceiros non só son un elemento relixioso senón que, xunto os hórreos, os pazos e os castros constitúen unha testemuña da personalidade galega no seu percorrido pola historia, e como tal deben protexerse.

*"Canta a pedra, durmida e acochada,
da terra moi agarimoso seo,
esperta do seu sono milenarrio
e quer ser oración e pensamento,
florece nun varal, estendendo os brazos
e pódose de pé faise cruceiro."*

Ramón Cabanillas

Piden mellorar a rede de augas de Sobrado

O Concello tamén aproba unha declaración contra a paralización das obras de Medio Rural

Redacción
Sobrado

O concello de Sobrado dos Monxes leva realizando obras para instalar a rede de augas e aínda no está rematada, tendo que abastecerse mediante pozos ou conexións privadas a maioría das parroquias, segundo o portavoz socialista, Antonio Vázquez. O seu grupo municipal demandou no pleno do 28 de outubro unha modificación de créditos con cargo ao diñeiro non gastado dos orzamentos do concello. Para os socialistas resulta incomprensible que un concello que só ten 2.300 habitantes teña un remanente de 219.000 euros acumulados (36 millóns de pesetas). A proposta foi rexeitada.

Pleno extraordinario

Para o 28 de novembro convocouse un pleno extraordinario, cos seguintes puntos na orde do día: unha declaración de protesta pola suspensión de obras que decretou a Consellería de Medio Rural e o Plan de Obras e Servizos (POS) para o ano

2006. O POS, financiado con cartos da Deputación, e un 5% do Concello, inclúe o acondicionamento do entorno do centro de saúde, o acondicionamento do entorno do pavillón polideportivo, a apertura dunha rúa con captación de auga en Pousada e a mellora de varios camiños. Os socialistas abstivéronse na votación, aprobada cos votos do grupo de goberno, mentres que o concelleiro independente non asistiu ao pleno.

A moción de reprobação á Consellería de Medio rural recollía “o noso máis enérxico rexeitamento ante esta actitude totalmente inxustificada, arbitraria e contraria aos intereses dos veciños” (a mesma redacción que a moción presentada en Melide). En Sobrado doos Monxes suspendeuse unha partida de 150.200 euros para “Camiño de Nogueira e outras”. O PSOE votou en contra, por “compartir o criterio da consellería de revisar as adxudicacións” e facer un reparto máis equitativo dos fondos.

A Deputación financia varias obras en Santiso

A moción de AVS para mellorar o colexio de Arcediago non foi aprobada

Redacción
Santiso

O Concello de Santiso tivo máis actividade do habitual o mes de novembro, celebrándose un pleno ordinario o día 2 e outro extraordinario o 17. Aproveitando os fondos procedentes do plano de investimentos do 2005 da Deputación da Coruña, licitáronse as obras de saneamento en Sardecoiro (Visantoña) e Outeiro (Pezobres), así como obras no cruce de Maniño e na Ponte de Pezobre.

Cos fondos do POS para o 2006 pagaranse obras de bacheo en Vilanova (Beigondo), Seoane, Filgueira (Novela) e O Piñeiro (Visantoña) e asfaltado en A Pedreira (Santiso) e Carballido (Maniño), así como a colocación de corenta puntos de luz.

As obras máis polémicas foron as do plan operativo local, tamén financiado pola Deputación. Os grupos da oposición criticaron os investimentos no abastecemento de auga en Balocás e Puñín (Visantoña) por considerar que beneficiaba a poucos veciños e que eran máis necesario garantir un bo



Ramón Villar, alcalde de Santiso, nunha foto de arquivo

abastecemento nos colexios e centros de saúde, en palabras do concelleiro independente Ovidio Leiva.. O alcalde, Ramón Villar, declarou a este medio que “hai que facer as obras necesarias e que a oposición sempre vota en contra”. Con estes fondos tamén se financiou a compra dun tractor desbrozadora para limpar as cunetas e o saneamento da parroquia de Chorén.

Colexio de Arcediago

Luís Campos, concelleiro da Agrupación Veciñal de Santiso, presentou unha moción no pleno do día 2 pedindo a reparación do patio do colexio público de Arcediago. Campos aportou a este medio os informes da inspección de Sanidade, que indican que a limpeza é deficiente e

que a auga non está clorada. A moción recibiu o apoio dos grupos da oposición pero foi rexeitada cos votos do PP. Na sesión de rogos e preguntas tamén se debatiu acerca da viaxe á Arxentina do alcalde e varios concelleiros, que costou 5.700 euros. Ramón Villar xustificou este gasto pola mala situación na que se atopan os emigrantes. Luís Campos tamén interpelou ao goberno municipal por ter equipos informáticos inutilizados, ao que Villar comprometeu unha resposta para o próximo pleno.


O pleno tamén aprobou unha moción pola que se obrigará aos propietarios de terreos forestais a distanciar as árbores un mínimo de 50 metros das vivendas e a telas limpas de toxos e arbustos.



**Joyería
Oro Ley**

Taller Propio

Rúa San Pedro, 14
15800 MELIDE
(A CORUÑA) Telf.: 981505468



PROMOCIONES Y CONSTRUCCIONES

MC
MARTINEZ - CORDIDO

C/. Dr. Fleming, bajo 1
Tlf.: 981 50 60 51 Fax 50 55 63
15800 MELIDE - A Coruña

Toques mercará solo para vivendas sociais

Patrimonio determina a inclusión do Camiño Primitivo no PXOM e obriga á súa protección

Redacción
Toques

O destino da partida de 62.000 euros destinados pola Deputación provincial para investimentos locais no Concello de Toques provocou a polémica no último pleno extraordinario. Os dous grupos da oposición, AIT e PSOE opuxéronse á decisión do alcalde, Jesús Ares, de destinar a maior parte dos cartos (48.000 euros) para a adquisición de solo onde construír vivendas de protección oficial.

José Manuel Ferro, concelleiro dos independentes, afirmou ter votado en contra desta proposta por non ter sido consultada coa oposición. Tampouco foi consultado o gasto do resto da partida na compra de mobiliario urbano. Ferro reclama que o equipo de goberno municipal dialogue cos representantes da oposición o destino dos fondos extraordinarios, “como se fai noutros concellos”, afirmou.

Por parte do outro grupo da oposición, a concelleira socialista Cruz Bande considera totalmente innecesario o desembolso económico que se vai facer, xa que non hai ningún estudo que avale a necesidade de máis vivendas sociais neste concello da comarca de Melide. A voceira socialista tamén afirmou que na anterior promoción de vivenda publica, un total de 12 vivendas, foron beneficiados dous fillos dun concelleiro do Partido Popular, e que unha destas vivendas permanece baleira na actualidade, sen ter chega-

do a ser habitada.

No pleno, o PSOE de Toques tamén realizou unha pregunta ao alcalde acerca das dietas cobradas, que alcanzaron unha cantidade de 3.490 euros por un período de seis meses, por considerar que estes gastos non estaban xustificadas. O alcalde non respondeu a esta e a outras preguntas formuladas pola representante socialista.

PXOM

En canto ao Plan Xeral de Ordenación Municipal, que recibiu 201 alegacións tras o período inicial de exposición ao público, será debatido nun pleno extraordinario en xaneiro. Unha destas alegacións, presentada pola asociación cultural Terra de Melide, demandaba que fose integrado e grafiado o Camiño Primitivo de Santiago.

A proposta foi valorada positivamente pola Dirección Xeral de Patrimonio, que informou desfavorablemente do PXOM presentado polo concello. Este informe de Patrimonio, recibido por Terra de Melide en marzo, recolle “a necesidade de considerar a protección do Camiño de Santiago, polo que se considera idónea a creación dunha ordenanza específica de protección. As rutas alternativas ao Camiño Francés de Santiago (“Camiño Portugués, “Ruta da Prata”...), como o Camiño Primitivo ou de Oviedo están pendentes de seren deslindadas para aplicarlles a protección debida.

Medio Ambiente paraliza a minicentral de Seixo-Belmil

A polémica rodeu os proxectos de Fenosa para a construción de sete encoros no curso alto do Ulla, incluído un no concello de Santiso

Redacción
Melide

Cerne facíase eco das protestas veciñais en Santiso ante a posible construción dun encoro nas parroquias de Seixo e Belmil, que a maiores levaría á construción dunha liña de alta tensión que atravesaría seis parroquias. Agora, estes proxectos poderían quedar en nada tras a aprobación dun decreto da Consellería de Medio Ambiente que anula a construción de 24 novos encoros e 8 proxectos de ampliación de centrais xa existentes. Ademais, quedan en suspenso 33 proxectos xa concedidos pero con recursos xudiciais ou nos que aínda non comezaron as obras.

Ovidio Leiva, concelleiro independente de Santiso e presidente da “Asociación Vilas do Ulla”, quixo precisar a este medio que os veciños da parroquia de Santiso non tiñan intención de venderen os terreos para a construción da liña de alta tensión, como publicamos por erro. Vendéronse as propiedades do lugar de Monte de Baixo, en Belmil, por tratarse de terreos sen ningún valor produtivo.



O encoro tería afectado o parque de Cornella

Satisfacción na Plataforma en Defensa do Alto Ulla

Desde a Plataforma en Defensa do Alto Ulla, coméntase que dos 7 proxectos autorizados (Frádegas, Seixo-Belmil, Lamas 1, Lamas 2, o aproveitamento da canle ecolóxica de Portodemouros e os encoros de Brandariz 1 e Brandariz 2) só nestes dous últimos, situados entre Touro e Vila de Cruces, continúan as obras. A plataforma considera que o máis posible é que Seixo-Belmil non chegue a construírse.

Marcial Barral valora positivamente a decisión do novo goberno autonómico de paralizar estes proxectos así como outros 13 novos aproveitamentos

hidroeléctricos que foran autorizados polo anterior goberno mentres se atopaba “en funcións”. Estes 13 novos encoros afectarían ás bacías do Ulla, Deza e Arnego.

Por parte da Asociación Veciñal de Santiso, Luís García Campos foi tallante nas súas declaracións “Menos mal que nos salvou a Xunta, porque se fose polo Concello e por nós tiñamos a minicentral”, facendo referencia á venda de terreos por algúns veciños e á concesión da licencia municipal de obras. García Campos confirmou tamén que se paralizara a compra das terras afectadas.

La calidad del fresco



La calidad del fresco

El Supermercado del Pueblo



alimentación





droguería

www.supermercadosgarcia.com

MELIDE - A Coruña
Ronda de A Coruña, 14
C/ Galicia, 28
Tel.: 981 507 441

FRIOL - Lugo
C/ Av. de la Coruña, 5
Tel.: 982 375 222

PALAS DE REY - Lugo
Plaza de Galicia, 30
Tel.: 982 374 138

MONTERROSO - Lugo
C/ Benigno Vázquez, 5
Tel.: 982 378 015

Supermercados García, unha empresa en expansión na comarca de Melide e en Lugo

A empresa da familia García, que recibiu o premio Asetem de desenvolvemento comercial, compite nun sector dominado por grande compañías mediante o trato de proximidade ao cliente e as máis modernas estratexias de venda

Cando no 2001 abre Supermercados García no centro de Melide, o que se facía era dar continuidade a unha empresa familiar fundada por Manuel García e a súa muller, Carmen Mosteiro, en 1977, cunha pequena carnicería.

Hoxe en día, desde a vila de Melide centralízanse as operacións dun grupo empresarial de 33 empregados (29 nos supermercados), que inclúe tamén granxas, a empresa Industrias Cárnicas García e outros tres supermercados en Palas de Rei, Friol e Monterroso. O xerente do grupo, seguindo a filosofía da empresa familiar é Óscar García, fillo de Manuel, tendo tamén os seus irmáns responsabilidades na empresa.



O xerente, Óscar García, acompañado de dúas empregadas do supermercado

O gran salto na estrutura deste grupo empresarial, producido no ano 2001,

obrigou á empresa a innovar a nivel tecnolóxico e a coidar especialmente o

que agora se chama “capital humano”: os traballadores. Os supermercados

teñen un plantel que se caracteriza por ser “xente nova, con gañas de traballar e ilusión”, en palabras do xerente, quen destaca que máis da metade dos empregados ten contrato estable, algo pouco habitual no sector. A empresa tamén fixo un esforzo importante para informatizarse e conta desde hai tres anos un plan anual de márketing.

A pesar de ser pesimista respecto á situación económica do interior de Galicia, Óscar García pensa que “o futuro está asegurado”. Por un lado porque manteñen unha filosofía baseada en reinvestir todos os beneficios. Por outro, porque confían nunha aposta feita a longo prazo e sen pensar en subvencións.

Ofertas para competir coas grandes cadeas

A filosofía de ser o “supermercado da vila” e da “calidade do fresco” definen a política desta empresa para manterse ao día no sector

Cando se lle pregunta a Óscar García pola competencia, ten claro que é necesaria para “estar ao día” e considera que hai que ser crítico con un

mesmo, non coas outras empresas. A estratexia comercial dos supermercados do grupo baséase na filosofía da “calidade do fresco” (este tipo de pro-

ductos supón o 50% das vendas), e na atención de proximidade ao cliente.

A maiores, introduciron unha serie de ofertas, como a fórmula de aforro “Máis por menos”, que consiste en rebaixar os prezos dos produtos a partir da compra da segunda unidade e os vales desconto co formato dunha moeda propia, o *EuroGarcía*. A empresa tamén incorporou marcas propias: *Stars* para droguería e *La Despensa* en alimentación.

Supermercados García dispón dunha tarxeta profesional exclusiva para os hosteleiros, con descontos e servizo a domicilio.



A carnicería supón un 20% do total da facturación


Proxectos de futuro

Dous novos supermercados, unha páxina web e a introdución no canle da hostelería

Desde o 2004 o grupo da familia García forma parte da cadena de compras Unagras, do grupo IFA, o que lle permite estar presentes en foros internacionais. Os proxectos a curto prazo máis importantes son a apertura dun novo supermercado en Friol que substitúa ao actual e noutra vila da comarca por

determinar. Igualmente, pretenden establecerse no canal de suministros para a hostelería.

Máis a longo prazo, pretenden utilizar o seu web (www.supermercadosgarcia.com) como punto de venda, aínda que de momento estará na rede por cuestións de identidade corporativa.



Nas oficinas de Melide centralízase a xestión

Suárez Canal entrega os premios da VIII Cata dos Queixos de Galicia no Pazo de Vilar de Ferreirós

O queixo “Terra de Melide” obtivo o terceiro premio da denominación de orixe Arzúa-Ulloa

Redacción
Melide

Un total de 46 marcas dentro das denominacións de orixe Queixo Tetilla, Arzúa-Ulloa, Cebreiro e San Simón da Costa presentáronse á cata dos queixos de Galicia, certame que vai pola súa octava edición e que ten como obxectivo dar a coñecer os queixos protexidos fomentando o recoñecemento público da súa calidade. As catas foron realizadas entre os días 16 e 17 por un panel de doce expertos, entregándose os premios o día 18 no pazo de Vilar de Ferreirós, en Santiso, tras unha comida oficial.

O conselleiro de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, asistiu ao acto, onde resaltou a importancia económica das queixerías, subsector económico que dá emprego en Galicia a 2.100 persoas, produce

25.000 toneladas de produto, 5.000 correspondentes a denominacións de orixe e factura 19 millóns de euros. As denominacións de orixe implican tamén unha serie de controis que garantan a calidade, tema que tamén destacou o conselleiro Suárez Canal resaltou a importancia de que o ciclo produtivo do leite se peche en Galicia e afirmou que “co noso esforzo podemos cambiar a tendencia na estima social cara á xente que traballa no rural. Sen o rural non podemos concebir unha Galiza de futuro”. “É necesaria a confianza nos produtos, nos produtores e no país”, rematou.

En canto aos representantes da comarca de Melide, podemos destacar o terceiro premio recibido por Lácteos Terra de Melide de Salvador Carreira,



Foto “de familia” dos galardoados co conselleiro de Medio Rural

dentro da denominación de orixe Arzúa-Ulloa. O premiado non lle deu demasiada importancia ao galardón, aínda que “mal nunca fai”. Esta empresa xa leva máis de dez premios; emprega a 6 traballadores e acometerá agora a construción dunha nova fábrica que triplicará o tamaño da actual. As medallas de ouro e de

prata desta denominación de orixe corresponderon a dúas empresas de Touro. Salvador Carreira pensa que o certame e a denominación de orixe necesitan máis difusión fóra de Galicia.

No acto tamén se entregaron os premios da IV Cata dos meles de Galicia, que foi gañada por “Mel do Valadouro”.

Premiados

- Arzúa-Ulloa:** 1º Arquesán, 2º Bama, 3º Terra de Melide
- Tetilla:** 1º La Tomiñesa, 2º Tres Pazos, 3º Pazo de Anzuxao
- **San Simón:** 1º Don Crisanto, 2º Prestes, 3º Catadoiro
- Cebreiro:** 1º Castelo

ASETEM aproba constituirse en Centro Comercial Aberto

O presidente participou nunha xuntanza cos representantes das CCA da provincia de A Coruña



ASETEM denomínase xa Centro Comercial Aberto

Redacción
Melide

Tras a súa reforma estatutaria, a organización empresarial pasa a denominarse Asociación de

Empresarios Terra de Melide -Centro Comercial Aberto.

Así o aprobaron por unanimidade os socios da ata

o de agora ASETEM, nunha asemblea extraordinaria o pasado 13 de outubro.

Trátase dunha nova iniciativa coa que a entidade empresarial dá un paso máis na súa plena integración na Rede de Centros Comerciais Abertos de Galicia.

O obxectivo que se persigue dende ASETEM CCA é mellorar a calidade do comercio melidense co fin conseguir dinamizar a súa xestión e obter maiores beneficios para a vila.

Primeira Xuntanza

José Antonio Rodríguez,

presidente da entidade melidense, participou no primeiro encontro dos representantes das áreas comerciais abertas de A Coruña. Na xuntanza celebrada en Santiago, os asistentes reclamaron un maior apoio institucional para a potenciación dos Plans de Mellora do Comercio Detallista e do de Dinamización Urbanístico Comercial de Galicia. Segundo acordaron, trátase de que o achegado polo pequeno comercio á sociedade repercuta nos proxectos a desenvolver coas administracións.

IV Quincena do Comercio Galego

Os establecementos comerciais asociados en ASETEM sumáronse á cuarta “Quincena do comercio galego”, promovida pola Federación Galega deste sector. Esta campaña, que tivo lugar entre o 4 e o 19 de novembro ten como obxectivo promover as compras nos establecementos tradicionais.

Todas as persoas que enviaran un tique de compra cos seus datos participaron no sorteo de 4 Seat Ibiza (1 por provincia) e 50 premios de 200 euros en compras coa tarxeta “Comercio Galego” de Caixa Galicia.

O xerente do CCA que promove o concelleiro foi obrigado a dimitir de Compostela Monumental

O Centro Comercial Aberto-Asetem é o único rexistrado na Rede Galega da Federación de Comercio

Redacción
Melide

A constitución desde a asociación empresarial Aceim doutro Centro Comercial Aberto (CCA) está a promover a polémica en Melide. As causas son o financiamento que recibiu da Cámara de Comercio e o turbulento curriculum de Javier Freire, a persoa designada para ser xerente deste CCA (ver despece).

Asetem considérase perxudicada pola Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, xa que esta institución subvencionou un estudo de viabilidade que foi elaborado pola sociedade Sarela Xestión da cal son asociados Evaristo Carracedo, vicepresidente da Cámara de Comercio e Javier Freire Chico, xerente do CCA que promove Aceim e

tamén vocal do pleno da Cámara de Comercio de Santiago de Compostela. Desde a asociación maioritaria dos empresarios de Melide considérase que a actuación da executiva da Cámara foi “parcial e deshonesta”.

Asetem ten pedido en varias ocasións axudas á Cámara de Comercio, sen ter recibido nada até agora. Desde a Cámara deféndense asegurando que o único centro que pediu unha subvención foi o de Aceim.

Pouco representativa

Aceim conta con cerca de 30 socios, mentres que Asetem conta con 140 asociados rexistrados, polo que se trata da organización empresarial representativa da comarca. De feito, a inauguración

Número de Teléfono Ramado	Tipo de Llamada	Destino	Fecha	Hora Inicio	Franja horaria	Duración	Importe
981559100	N	A Coruña	18 Nov.	10:24:49	Normal	01m 00s	0,3000
981552460	N	A Coruña	18 Nov.	13:26:16	Normal	03m 33s	0,7590
981559762	N	A Coruña	19 Nov.	13:58:10	Normal	01m 00s	0,3000
981575919	N	A Coruña	19 Nov.	18:32:39	Normal	01m 00s	0,3000
981555379	N	A Coruña	19 Nov.	20:50:17	Normal	01m 00s	0,3000
970462103	N	Vodafone	20 Nov.	11:50:51	Normal	02m 30s	0,5700
981558055	N	A Coruña	20 Nov.	12:00:64	Normal	02m 52s	0,6360
9815582516	N	A Coruña	20 Nov.	20:20:60	Normal	01m 00s	0,3000
9815582516	N	A Coruña	20 Nov.	20:21:03	Normal	01m 00s	0,3000
9815582516	N	A Coruña	20 Nov.	20:21:32	Normal	02m 32s	0,5760
9815582516	N	A Coruña	20 Nov.	22:51:25	Superreducida	02m 00s	0,3000
906032491	N	Línea 906	21 Nov.	04:19:37	Reducida	02m 12s	2,3950
906511469	N	Línea Premier	21 Nov.	04:24:45	Reducida	01m 00s	1,1500
906516910	N	Línea Premier	21 Nov.	04:25:42	Reducida	01m 00s	1,3045
906516910	N	Línea Premier	21 Nov.	04:27:04	Reducida	01m 02s	1,1843
906511469	N	Línea Premier	21 Nov.	04:28:24	Reducida	01m 00s	1,1500
906517751	N	Línea Premier	21 Nov.	04:30:34	Reducida	29m 30s	30,5555
906517751	N	Línea Premier	21 Nov.	05:00:16	Reducida	01m 25s	1,5792
906517751	N	Línea Premier	21 Nov.	05:01:54	Reducida	24m 07s	24,9602
906517751	N	Línea Premier	21 Nov.	05:26:18	Reducida	29m 30s	30,5555
9815582516	N	A Coruña	21 Nov.	10:05:10	Normal	03m 51s	0,8100
981575919	N	A Coruña	21 Nov.	10:19:18	Normal	02m 50s	0,6540
9815582516	N	A Coruña	21 Nov.	20:09:33	Normal	01m 23s	0,3690
981555379	N	A Coruña	21 Nov.	20:19:00	Normal	01m 00s	0,3000
981575919	N	A Coruña	22 Nov.	11:05:31	Normal	02m 16s	0,5260
981575919	N	A Coruña	22 Nov.	12:47:32	Normal	01m 48s	0,4440
9815582516	N	A Coruña	22 Nov.	23:06:47	Superreducida	03m 04s	0,3550
981891770	N	A Coruña	23 Nov.	11:05:01	Superreducida	02m 52s	0,3780
981577440	N	A Coruña	23 Nov.	11:09:18	Superreducida	03m 05s	0,3975
981577440	N	A Coruña	23 Nov.	13:16:57	Superreducida	01m 00s	0,2100
9815582516	N	A Coruña	23 Nov.	13:18:13	Superreducida	01m 20s	0,2400
981891770	N	A Coruña	23 Nov.	18:54:39	Superreducida	01m 00s	0,2100
610702692	N	Vodafone	23 Nov.	18:58:18	Superreducida	01m 00s	0,2100

Facturas do móbil de Compostela Monumental, con chamadas a liñas eróticas

do CCA de Aceim foi un fracaso, contando con só 120 asistentes, a pesar da enorme campaña de promoción realizada densde a radio municipal e a través de cuñas publicitarias en varios medios de comuni-

cación. Segundo o presidente de Asetem, tratábanse na súa maior parte de “achegados e familiares”. O CCA-Asetem está presente na Rede Galega de Centros Comerciais da Federación Gallega de

Comercio, e rexistrado no Servizo de Mediación, Arbitraje e Conciliación (SMAC) da Coruña. No momento de publicar este xornal, non se tiña constancia de que o CCA de Aceim estivese rexistrado.

As contas de Javier Freire

Para José Antonio Rodríguez, presidente de Asetem, as reaccións da Cámara de Comercio defendendo a “honorabilidade” de Javier Freire e Evaristo Rodríguez Carracedo son inxustificables. A Cámara de Comercio estaría a incorrer en “complicidade” do que poida facer esta xente. E é que o curriculum do xerente da suposta nova área comercial aberta, Javier Freire inclúe unha saída turbulenta da asociación Compostela Monumental (comerciantes da zona vella de Santiago).

O 13 de abril de 2004 o 80% dos socios desta área comercial pedían a convocatoria anticipada de elec-

cións ante o coñecemento público de graves irregularidades cometidas por Freire na súa xestión. Estas incluían gastos en teléfonos eróticos a conta do móbil da asociación, unha viaxe a Cuba sen xustificar por valor de 665 euros, contratos con prezos por riba do valor de mercado asinados con empresas afíns -entre elas Sarela Xestión, a empresa encargada de facer o estudo de viabilidade do CCA promovido por Aceim-, distribución de pagarés sen fondos e transferencias a contas descoñecidas.

A maiores, durante a súa xestión, Compostela Monumental perdeu subvencións que lle foran

concedidas con anterioridade e foi incapaz de cumprir os requisitos para acceder a outras axudas públicas. O ano 2003 elaborou unha auditoría con datos falseados para ocultar as débedas. Tras a súa saída da asociación, a nova directiva atopouse con que desaparecera documentación, e cunhas débedas que alcanzaban os 456.000 euros (76 millóns das antigas pesetas).

Por todos estes motivos, Compostela Monumental está pensando en iniciar accións legais contra Javier Freire. Esta asociación solidarizouse con Asetem a apoiou a petición de cese de Freire e Carracedo nos seus cargos da Cámara de Comercio.



CENTRAL:
Fernando González nº 4 - 3ª Dcha
15004 A CORUÑA
Tel: 981 173 616 Fax: 981 602 120



PLANTA LA CORUÑA
Ctra. La Coruña - Corballo, km. 3
15008 A Coruña
Tel: 981 294 297 Fax: 981 294 297

PLANTA MONTESALGUEIRO
Ctra. Nacional VI, km. 555
Aranga - A Coruña
Tel: 981 789 338 Fax: 981 789 338

PLANTA MELIDE
Pol. Industrial Madanela, parc. 30
Melide - A Coruña
Tel: 981 507 891 Fax: 981 507 891

AUTOCONTROL DE CALIDAD CON SUPERVISION EXTERNA

O fútbol sala é o deporte estrela en Melide e nas escolas deportivas municipais

Os dous equipos federados do concello optan ao ascenso nas súas respectivas categorías

Redacción
Melide

A vila de Melide conta cun importante potencial en fútbol sala, contando cun equipo federado na categoría provincial (absoluta) e outro xuvenil na liga local. Ambos os dous contan con equipos “de xente nova con moito nivel”, en palabras de Tonecho, coordinador deportivo e adestrador de todos os equipos. O obxectivo a medio prazo para o Melide Fútbol Sala, un equipo totalmente renovado, é situarse en 1ª división “B”, mentres que se pretende que os xuvenís ascendan á categoría autonómica.

Mais a canteira destas formacións está nas escolas deportivas municipais, que contan con equipos de benxamíns (30 nenos), alevíns (outros 30), infantís (22) e cadetes (15), así



Os máis cativos adestrando pases no pavillón dos deportes

como un equipo feminino que inclúe rapazas entre as categorías de alevín a cadete -de nove a quince anos-. Todos os equipos compiten na liga do

“Deporte escolar” organizada pola Xunta e logo nun torneo intermunicipal, pasando sempre ás fases finais destas competicións, segundo nos conta o ade-

trador. Tonecho resalta a maiores que este concello é o que conta con máis rapaces en comparación con vilas das comarcas máis próximas.

Pero non só hai fútbol sala para os rapaces e rapazas. As escolas deportivas municipais teñen para os máis pequenos unha actividade de “multideporte”, na que participan 30 nenos entre tres e seis anos, e para a cal segue aberto o prazo de inscrición.

Outros deportes

Unha actividade con bastantes asistentes (27) é a patinaxe de iniciación, para nenos entre 3 e 12 anos. A maiores hai bád-minton, pimpón, baile moderno e bailes de salón, xunto con cursos de natación na piscina municipal. O baloncesto, outra das actividades habituais nas escolas deportivas demoirou este ano o seu comezo; as clases de básquet son impartidas grazas a un convenio co Club Breogán de Lugo, que está pendente de cumprir a súa parte.

A liga de fútbol sala comeza o día 12

Redacción
Melide

A liga local de fútbol sala, na que participan equipos da Terra de Melide, así como de concellos próximos (Arzúa, Palas de Rei...) demorou o seu inicio por problemas burocráticos. Segundo informa o Concello, haberá unha reunión cos equipos o venres 2, e a competición dará comezo o próximo 12 deste mes.

Este torneo para xogadores non federados é xa un clásico da programación deportiva. Estímase que participarán 12 equipos nas dúas categorías nas que se divide a liga.

As categorías inferiores do Cire, en postos de ascenso

Redacción
Melide

Tonecho, adestrador do equipo absoluto e da maioría das categorías inferiores do Cire Melide destaca a boa situación destas últimas (infantís, cadetes, xuvenís), todas en postos de ascenso.

No tocante ao equipo senior atópase no posto 15 (de 17), o que é un avance para un club acostumado a ser o pechacancelas da terceira rexional. Tonecho considera que polo menos hai un cambio de actitude na afección, que está creando un bo ambiente no campo.

A igrexa parroquial acolleu a XVI Semana da Música

Nos actos participaron sete agrupacións musicais da comarca

Redacción
Melide

A Coral Polifónica de Melide vén organizando desde hai dezaseis anos a Semana da Música de Melide, na que tradicionalmente participan todos os grupos da comarca. Os días 19, 20, 25 e 26 do mes pasado tiveron lugar os concertos na igrexa parroquial, por estar en obras a Casa da Cultura. O aforo encheuse todos os días, cunha media de 400 persoas segundo Afonso Vilar, membro da Coral Polifónica, quen aproveitou para pedir novas voces. Actuaron o grupo




Actuación da Coral polifónica

“O Castelo”, a banda de gaiteros “Froito Novo”, a banda de música de Visantoña, o grupo de catequese de Melide, o

grupo “Troito”, a Escola de Gaita e Percusión Galegas “Axóuxere”, a banda de música de Melide e a Coral.

As rúas de Melide: Rúa Luís Seoane

Xosé Domingos Fuciños Gómez



Luís Seoane

Esta rúa é a cuarta transversal da Ronda de Pontevedra en dirección Agolada, situada na marxe esquerda.

A Agrupación Folclórica “Froito Novo” de Melide solicitou o día 20 de xuño de 1979 no rexistro municipal, que o Concello de Melide, a través da Corporación Municipal, se nomease unha rúa da vila en honra de Luís Seoane. Nunha folla adxunta acompañaba unha semblanza biográfica e unha reseña da inxente labor a prol da cultura e de Galiza por parte de Luís Seoane. O día 24 de xullo de 1979, o alcalde por aquel entón, Ulpiano Xavier Rodríguez Pampín, mediante escrito asinado por el mesmo, dá conta a esta agrupación do acordo da corporación, que no pleno da sesión celebrada o 29 de xuño de 1979 acordou poñerlle o nome de Luís Seoane a unha rua da vila de Melide. Adxuntamos o texto presentado naquel entón:

SEMBLANZA

Nace no ano 1910 en Bos Aires (Arxentina), no seo dunha familia emigrante natural de Area (O Pino). Estudou o bacharelato e a carreira de Dereito na cidade de Santiago de Compostela. Chegou a exercer de avogado, mais por pouco tempo. Por mor da Guerra Civil, exiliouse en 1936, residindo en Bos Aires até que de volta a

Galiza por primeira vez a mediados dos anos sesenta, alternando desde entón a súa residencia entre Bos Aires a A Corua. Finou nesta cidade o 5 de abril de 1979.

Ademais de pintor e grafista foi poeta, ensaísta e narrador, aínda que a súa principal vocación foi a pintura. Numerosos museos do mundo como os de Nova York, Chicago, Xenebra, Hamburgo ou Tel Aviv, conteñen exemplares da súa obra; ademais de estar presente en Galiza e Arxentina.

Da súa obra poética destacan “Fardel de Eisilizado”, “As Cicatrices” e “Na brétema de Sant-Iago”. Como narrador: “Unha folla de ruda i unha de allo verde” e “Comunicacións Misturadas”.

En Bos Aires desenvolveu unha gran actividade en favor da cultura galega. Creou editoriais coma “Dorna”, “Citania”, “Botella al mar” (con Lorenzo Varela e Arturo Cuadrado), tamén a revista “Galicia Emigrante”. Foi director da revista “Galicia” do Centro Galego de Bos Aires.

De volta á Terra fundou xunto con Isaac Díaz Pardo as empresas Cerámica de Sargadelos, Edicións do Castro e o Laboratorio de Formas de Galicia. Entre outros proxectos estaba o de publicar o xornal “Galicia”, que non xermolou.

É dicir, foi un home dos bos e xenerosos para Galiza. Estivo casado con Maruxa Elvira Fernández López, inseparábel compañeira e punto de apoio, político e cultural, durante toda a súa vida. Doou toda a súa biblioteca de arte á Real Academia Galega.

Estivo relacionado cos irmáns Xesus e Xosé Fuciños Gómez, de Melide, grazas ás visitas que Xesús (mariño mercante), lle facía en Bos Aires. A través destas visitas remesou libros e unha acuarela orixinal para as asociacións “Froito Novo” e “Terra de Melide”. De aí ven a comunicación de Seoane e logo de Arturo Cuadrado con xente desta vila.

No mesmo ano 1979 a Agrupación “Froito Novo” organizou unha mostra na “Lareira” parroquial (rectoral), sobre “O libro galego na emigra-



Conferencia sobre Luís Seoane na “Lareira” parroquial

ción” e unha conferencia sobre Luís Seoane impartida polo seu amigo Xosé María Monterroso Devesa, con raigames en Melide. Hoxe na Coruña téñ unha

grande actividade a Fundación Luís Seoane que perpetúa o seu traballo e a súa memoria. Afortunadamente para nós!!!

O Melide de onte



Testemuña gráfica do corte dos plátanos da alameda da Ronda da Coruña, na esquina da “Barbería Marcos”

Arquivo Irmáns Fuciños Gómez (casa Pita)

Galicia Calidade

Vanessa Martínez Iglesias

Sería fabuloso vivir nun lugar no que todo se movea ao ritmo que se describe nos anuncios de turismo que falan de Galicia noutros puntos de país. Un sitio no que a choiva fose bonita, harmónica, e que puxese cor parda ás estampas de todos os solpores; pero resulta que non nos toca esa realidade, senón a dunha terra que hai que sacar se se quere sacar algo e a choiva cae para mollar o lombo dos que se expoñen todos os días para gañar o pan. Din as enquisas que os galegos buscan as urbes da costa, o ruído, e a aglomeración, alí onde hai bancos nos que a fin de mes entra unha nómina con menos díxitos de cada vez. Non se trata dunha simple cuestión de comodidade nin de condicións de vida, senón dunha vía que non

se escolle e á que nos van empuxando as forzas vivas deste país.

Ao mellor chega un momento no que estes dous bandos son capaces de convivir sen interactuar: a costa e o interior camiñan a ritmos distintos -ningún, dende logo, vertixinoso-, pero lonxe de chegar a confluír. O perigo é que iso chegue a darse; que se cree unha quebra que fira o país de morte e que logo sexa difícil volver a unificar. Mágoa, para unha sociedade que non chega aos tres millóns de habitantes e que, gústenos ou non, non tería peso nin representatividade se esta situación segue avanzando.

Mais se cadra xa e tarde, porque non existen estruturas que nos identifiquen como país distinto. Elimináronse as marcas de

calidade que nos representaban; xa non teñen valor os costumes que nos distinguían; folclorizouse o que cada día é un traballo para os paisanos coma se non fose máis ca parte dun ritual de fantasía, un anaco da trama dunha película. Pero esa película non acaba nunca, porque cando cae o sol e debería rematar o capítulo resulta que non é máis ca o principio dunha xornada nova na que o frío non se presenta coma nunha postal de Nadal, senón coma o causante de que se nos entumezan os dedos ao aire libre.

Galicia non é turismo, refuxio verde nin natureza. Galicia é terra, trebóns, escravitude, hipocresía, callos nas mans e números vermellos nas contas. Se cadra alguén debería facer un anuncio con iso.

Tribuna aberta

David Barrio. Sindicalista da UXT

Segue habendo desigualdade de trato con respecto ás relacións laborais. As mulleres seguen sendo discriminadas nos centros de traballo, por moito que queiramos aparentar. Esta discriminación é moito máis acentuada nas zonas rurais e sobre todo na nosa comarca. Poderíamos enumerar miles de razóns, miles de feitos. Desgraciadamente, por moito que se legisle en igualdade de xénero, mentres non cambien a conciencia colectiva e a educación non hai nada que facer.

Desta discriminación todos somos culpables: moito se fala pero actúase pouco para cambiar as cousas. Porén, empeza a haber actuacións que farán cambiar as cousas. Seis rapazas desta comarca empezaron unha cruzada no seu centro de traballo, para que se respecten as súas condicións laborais e a súa dignidade persoal e profesional contra un empresario que segue pensando que a muller “está para facer o que lle manden” e que os dereitos son cousas de homes. Este atrevido personaxe vai ser xulgado proximamente. Os empresarios poden

estar de acordo ou non cos seus traballadores, mesmo nalgúns casos considerar que non somos de interese para a empresa. Pero o que non poden é faltarnos ao respecto como persoa.

Sei que estas rapazas non son comprendidas hoxe nesta vila. Están loitando polos dereitos doutras compañeiras que lles dan as costas. Posiblemente sexan incomprendidas tamén dentro das súas familias pero son auténticas heroínas.

Por desgracia tamén as critican compañeiras de profesión que traballan sen seguridade social, asinan nóminas que non cobran e non saben cal é o seu horario. Este é o mundo laboral do sector textil na nosa bisbarra.

Como sindicalista e como persoa sintome tremendamente feliz porque saia xente moza á palestra, que esixa que se respecten os dereitos laborais pero sobre todo que a dignidade persoal e profesional é algo intocable.

Sei que da súa loita quedará semente plantada para novas xeracións. Sobre todo polo seu postulado: son mulleres que esixen respecto á clase traballadora e igualdade.

Clásicos do humor



“¿E logo Xácome?, estás moi pesaroso, diaño...!”
 “¡E non hei...!! Morreume a sogra... Inda non fai oito días que lle mercara unha saia d'estameña pr'a ter contenta... ¡e foise co'ela á cova!...”

Viñeta de Jaime Prada publicada na revista Vida Gallega. Ano 1919
 Arquivo: Irmáns Fuciños Gómez (Casa da Pita)

ÁNGEL CURTIS

CONOCE TU FUTURO
 “AYÚDATE”

MEJORA TU VIDA

CONSULTA PREVIA CITA
 TELF: 677 670 051

E-mail: angel.curtis@yahoo.com
 www.angelcurtis.com

Teléfonos de
interese

Autobuses

Actos

URXENCIAS	
UrxenciasSanitarias.....061	
Bombeiros.....080	Consevatorio
Incencios Forestais.....085	981507100
ORDE PÚBLICA	
Policía Municipal	Polideportivo 981507752
Urxencias.....092	Centro Social da 3ª Idade 981505706
Melide.....981505003	Parada de Taxis
Policía Nacional091	981505390
Garda Civil	Albergue Xuvenil
Urxencias.....062	981507412
Melide.....981505007	Albergue do Peregrino
S.O.S	660396822
S.O.S Galicia.....112	Centro Ocupacional
Protec.Civil.....670498848	981505003
TRANSPORTES	
Renfe	A.S.E.T.E.M 981506188
Nacional.....902240202	Fundación Terra de Melide
A Coruña	981507244
Santiago	I.E.S. de Melide
Autobuses	981505162
A Coruña.....981239099	C.E.I.P nº1.....981505238
Santiago.....981542416	C.E.I.P nº2.....981505929
Melide.....981505204	Gardería.....981505003
Aeroportos	U.A.F. de Melide
A Coruña.....981187200	981 507742
Santiago.....981547500	SANTISO
Vigo.....986268200	Casa do Concello
SERVIZOS E INSTITUCIÓN	
Atención ao cidadán	981818501
981120012	Centro de Saúde
Valedor do pobo	Agrochao.....981517803
981571900	Visantoña.....981510749
Economía facenda	Xulgado de Paz
981545151	981 818501
Industria e Comercio	SOBRADO
981544341	Casa do Concello
Sevizo Galego Colocación	981787508
981125000	Desenvolvemento local
Teléfono da Muller	981787508
900400273	Centro de Saúde
Teléfono do Menor	981787744
900444222	Mosteiro de Sobrado
Dirección Xeral de Tráfico	981787509
900125505	Xulgado de Paz
Correos.....902197197	981787508
Auga.....981242322	TOQUES
Electricidade.....981147200	Casa do Concello
Gas.....900760760	981505826
MELIDE	
Casa do Concello	Centro de Saúde
981505003	981507301
Centro de Saúde	Xulgado de Paz
981506176	981505826
Servizos Sociais	
981505012	

MELIDE - A CORUÑA	MELIDE - SANTIAGO
De luns a venres:	De luns a venres:
9.30, 13.15, 17.00, 20.45,	6.45, 7.50, 10.15, 11.55,
Sábados:	14.05, 14.40 (per. lectivo),
9.30, 13.15, 17.00, 20.45	15.25, 17.50, 20.20
Domingos e Festivos:	Sábados:
9.30, 17.00, 20.15, 20.45,	7.50, 10.15, 11.55, 15.25,
22.30	17.50
Parada fronte á	Domingos e festivos:
Cafetería Marta	7.50, 11.55, 15.25, 17.50,
A CORUÑA - MELIDE	20.20
De luns a Venres:	Parada fronte á Pizzería
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	Xoldra
Sábado:	MELIDE - LUGO
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	De luns a venres:
Domingos e Festivos:	7.55, 10.10, 11.55, 13.35,
8.00, 11.30, 15.30, 17.00,	16.05, 16.55, 19.25,
19.00	20.50, 21.50 (só venres
MELIDE - FERROL	lectivos)
De luns a venres:	Sábados:
Non hai liña	7.55, 11.55, 13.35, 16.55,
Sábados:	19.25
19.15	Domingos e festivos:
Domingos e Festivos:	7.55, 11.55, 16.55, 19.25,
19.15	20.50
Parada fronte á	Parada fronte ao antigo
Cafetería Marta	bar Capitol.
FERROL - MELIDE	TOQUES - MELIDE
De luns a venres:	(Folladela-Fondevila)
Non hai liña	Luns a venres laborables:
Sábados:	Saída de Fondevila: 10.20
10.30	Saída de Melide: 12.30
Domingos e festivos:	Domingos excepto último
17.00	de mes:
MELIDE - OURENSE	Saída de Fondevila: 8.15
De luns a venres:	e 11.00
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	Saída de Melide: 13.00
Sábados:	Último domingo de mes:
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	Saída de Fondevila: 7.45
Domingos e festivos:	Saída de Melide: 13.00 e
9.30, 12.30, 17.00, 19.00,	14.00
20,00	MELIDE - TOQUES
Parada fronte á	(Fondevila-Folladela)
Cafetería Marta	Martes e venres lab-
OURENSE - MELIDE	orables:
De luns a venres:	Saída de Folladela: 8.30
8.00, 12.00, 15.30, 19.15	Saída de Melide: 12.30
Sábados:	Domingos excepto último
8.00, 12.00, 15.30, 18.00,	de mes:
19,15	Saída de Folladela: 8.40
Domingos e Festivos:	Saída de Melide 13.00
9.30, 15.30, 18.00, 19.15,	Último domingo de mes:
21.00	Saída de Folladela: 8.30
	Saída de Melide: 13.00 e
	14.00
<i>Horarios aproximados que poden variar ao longo do ano.</i>	

DECEMBRO
1ª quincena: Campionato de tute no centro social.
Sábado 17: concerto do grupo de música clásica "Cuarteto Scherzo " na igrexa parroquial.
2ª quincena: Concerto de panxoliñas da Coral Polifónica.
Mercores 21: Sorteo dunha cesta de Nadal e baile no centro social.
A partir do 23: Torneo deportivo para nenos e nenas no pavillón de deportes da vila.
Venres 23: Concerto de Nadal da Orquestra Sinfónica de Melide ás 21.00h na igrexa parroquial.
Sábado 24: Chegada de Papa Noel, percorrido polos establecementos da vila.
Domingo 25: Baile e degustación de produtos típicos do Nadal no centro social.
Venres 30: Festa infantil e xuvenil no pazo de congresos, de 16.00h a 19.00h.

Óptica Abal leva máis de 20 anos proporcionando produtos relacionados coa saúde visual

“O pequeno comercio sostén unha base importante da economía local”

Cando no ano 1984 funda a óptica que leva o seu nome, Luz María Abal buscaba dar un servizo que naquel momento non había na vila de Melide. Hoxe en día, a súa empresa, situado na Ronda da Coruña, conta coa mesma empregada desde o seu comezo. Luz María é moi crí-

tica coas grandes superficies e afirma que o pequeno comercio ten unha función social imprescindible e pide que os consumidores o teñan en conta á hora de realizar as súas compras. Pensa que toda a vila de Melide sairía beneficiada da potenciación deste sector.

Denís Fernández Méndez
Melide

Como se decidiu vostede a establecer esta empresa?

Ben, é a miña profesión, son diplomada en óptica. Cando a fundei ocorreuseme dar este servizo aquí porque non o había.

Cales son os produtos máis vendidos?

Ben, o produto que máis vendemos son as gafas graduadas. Tamén lentes de contacto e líquidos, e gafas de sol, principalmente no verán. Pero o que máis se venden son gafas graduadas.

O consumo de lentes si que tivo que aumentar nos últimos anos...

O que pasa é que vivimos nunha zona onde a idade da poboación é alta e as lentes son máis utilizadas pola xuventude. O rural de Galicia está poboado principalmente por xente maior. Os máis novos teñen que buscar outros sitios para traballar, por desgracia.

Non hai clientes de 60 anos que usen lentes de contacto...

Non é o habitual, desde logo

-Agora moita xente fai a súa xornada laboral diante dun ordenador. Fai iso que aumente o número de clientes?

Penso que simplemente a

xente mírase máis agora, ten unha maior preocupación polos seus problemas médicos que antes.

Teñen pensado incorporar á venda produtos novos?

Realmente, todo o que se pode vender nunha óptica xa se vende aquí. Se incorporamos novidades tería que ser algo que non tivese nada que ver coa óptica.

Hai algunha oferta que queira aproveitar para promocionar?

Ben, non temos nada concreto, o que hai son prezos aptos para todos os petos.

Como ve a situación comercial de Melide?

Melide é unha vila pequena e a situación do comerciante depende da poboación que teña. Agora ben, sería moi positivo para toda a vila que a xente á hora de comprar se centrase nela.

As grandes superficies non só perxudican ao comercio das cidades, tamén das vilas. Penso que o pequeno comercio sostén unha base importante da economía. Ademais temos contratos axeitados, cumprimos a lei en todos os sentidos. Mentres que as grandes superficies non respetan contratos, ben, está na boca de todos. A xente da rúa, en cambio non pensa nestas cousas. Por iso penso que sería



Luz María Abal, a carón dunha colección de gafas de sol

importante concienciar á poboación en xeral para que compre aquí. Iso faría que a vila medrase e repercutiría en todos positivamente.

Por que pensa que as compras se desprazaron ás grandes superficies?

A xente consume alí pola

amplitude de horarios que teñen, algo que a nós resúltanos imposible de facer. Moitos pensan que hai mellores cousas, pero hoxe en día os comerciantes temos os mesmos produtos e as mesmas ofertas nunha vila que nunha cidade.



FUCIÑOS RIVAS S.L.
ELECTRICA
Rúa Rocamador, 2
Tfno.: 981 50 51 64
Fax: 981 81 54 66
15.800 MELIDE (A Coruña)



milhulloa
Infusións, deshidratados e cosmética natural.
Regalos personalizados e de empresa.
Visítanos: Luns a venres 10:00 - 13:30
16:00 - 20:00
Coto nº1 - Palas de Rei
Tlfs: 605786150 - 620783682



A.S.E.T.E.M.
Asociación de Empresarios Terra de
Melide

**Anúnciese no
Cerne
9814506188**

Faite oír
coa nova voz

Cerne

Terra de Melide



ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M). Nº 11. 15 de novembro - 15 de decembro de 2005.

Distribución gratuíta.

Tamén en Internet: www.asetem.com



Melligas, s.l.

Rda. de A Coruña, 56 - B.
15800 Melide (A Coruña)



Agencia de
Repsol Butano
n.º 15158



CANTERAS DEL ARENAL CANTERAS DE RICHINOL



ARIDOS Y EXCAVACIONES



[C/ Arenal, Nº 64 . Entreplanta Izquierda - LALÍN]

[Teléfono: 986 78 71 02 Fax: 986 78 74 12]

[E-mail: arenal@canterasare.com]

